EXPEDIENTE	Ordenanza reguladora de renda social municipal.
TRÁMITE	Anuncio aprobación definitiva.

O Pleno deste Concello, na sesión ordinaria de 16.11.2018, aprobou inicialmente a Ordenanza reguladora de renda social municipal.

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 226, de data 23.11.2018, publicouse anuncio de exposición ao público da aprobación inicial da ordenanza, presentándose alegacións durante o prazo conferido ao efecto por don Alejandro González Balboa.

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria de 15.03.2019, acordou desestimar as alegacións presentadas en base aos informes emitidos polas Asesoría Xurídica, en data 01/02/2019, e pola Intervención Xeral Municipal, en data 01/03/2019, e aprobar definitivamente a Ordenanza municipal reguladora da renda social.

Polo tanto, e segundo o art. 70.2 da referida Lei 7/1985, procédese á publicación do texto íntegro da ordenanza definitivamente aprobada para a súa entrada en vigor, o que se producirá unha vez transcorrido o prazo previsto polo art. 65.2 da mesma lei.

Así mesmo o texto íntegro da modificación publicarase no apartado "normativa municipal" do menú "transparencia" da sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal), de conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 19/2013, en relación ao artigo 5.4 da mesma.

O texto íntegro da ordenanza definitivamente aprobada é do teor literal seguinte:

"ORDENANZA REGULADORA DA RENDA SOCIAL MUNICIPAL

PREÁMBULO

A crise como é ben coñecido provocou nos últimos anos unha perda de poder adquisitivo das familias así como un incremento da desigualdade na sociedade actual. Isto tivo como consecuencia que as situacións de necesidade da poboación se viran desatendidas tanto no eido público como privado. O certo é que, nun Estado Social e Democrático de Dereito, os poderes públicos teñen que "promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social", como proclama o texto constitucional.

O ámbito normativo regulador en materia de servizos sociais dota aos concellos dun importante abano de competencias, atribuídas tanto pola lexislación xeral de réxime local como pola lexislación sectorial.

Fundamentalmente preténdese resolver a problemática inducida pola carencia de medios económicos e materiais dun sector da poboación nun contexto de postcrise e precariedade e reducir os seus efectos para un número de persoas en situación ou risco de exclusión social.

A presente Ordenanza é coherente cos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Cumpre cos principios de necesidade e eficacia, xa que, mediante a análise dos efectos previsibles dos proxectos de inclusión social, contribúe ao obxectivo de interese xeral de asegurar a calidade de vida das persoas. É acorde tamén co principio de proporcionalidade, ao ser o medio máis adecuado para cumprir estes obxectivos e co principio de seguridade xurídica ao quedar engarzado co ordenamento xurídico. Así mesmo, cumpre co principio de transparencia, dado que busca fomentar o coñecemento xeral destes instrumentos. Por último, é coherente co principio de eficiencia sendo unha norma que, entre os seus obxectivos, inclúe a redución de cargas administrativas.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:MYK7BX75K6X0YFHU

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), no seu art. 133 regula a participación cidadá no procedemento de elaboración das normas. Publicado o anuncio no portal web municipal da consulta previa prevista no dito artigo desde o mes de decembro de 2017, o resultado foi que non se achegou ningunha opinión ao respecto neste trámite.

Solicitado informe á Dirección Xeral de Administración Local sobre a inexistencia de duplicidade pola aprobación deste Concello dunha Ordenanza de Renda Social, informou favorablemente a "*ordenanza de renda social municipal coa que poder combater situacións de desigualdade, pobreza e exclusión social sempre que se cumpran as limitacións e condicionantes informados pola Dirección Xeral de Inclusión Social e que se indican neste escrito, debendo quedar expresamente recollido na ordenanza que se aprobe que a devandita renda social ten carácter subsidiario e incompatible coa RISGA, de xeito que só poderán ser beneficiarias daquela as persoas que non reúnan os requisitos necesarios para acceder á RISGA, evitando desta forma que as persoas destinatarias de ambas prestacións non sexan as mesmas, e seguindo así o principio de non duplicidade na execución do servizo*".

Consonte co artigo 25.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o municipio ten entre as súas competencias propias a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social nos termos da lexislación do Estado e das comunidades Autónomas. A lexislación autonómica na materia está constituída por la Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que consagra entre os principios polos que se rexerá o sistema galego de servizos sociais os de descentralización e proximidade. Con esta idea configura aos servizos sociais comunitarios como o primeiro nivel de intervención deste sistema atribuíndo os servizos sociais comunitarios básicos aos concellos como garantía da universalidade do sistema e da súa cercanía ás persoas usuarias.

O Concello de Pontevedra aprobou a ordenanza municipal para situacións de emerxencia social coa finalidade de dispensar unha atención básica e urxente no momento en que estas situacións de necesidade se produzan, establecendo unhas axudas económicas que serán sempre temporais, de carácter puntual e subsidiarias.

A nova ordenanza pretende completar o marco de acción municipal nos servizos sociais comunitarios básicos, mediante unha prestación económica periódica para que se atope en situacións de vulnerabilidade ou exclusión social.

Así, mentres a axuda de emerxencia social é unha prestación económica puntual pois o seu propósito é enfrontar situacións de urxencia social, a nova renda social municipal ten como finalidade lograr a mellora persoal e social da persoa beneficiaria e da súa unidade familiar, polo que precisa dun carácter periódico pola súa vinculación a un proxecto de inclusión social.

Por outra banda. ten carácter subsidiario e incompatible coa renda de inclusión social de Galicia, de xeito que só poderán ser beneficiarias daquela as persoas que non reúnan os requisitos necesarios para acceder á mesma.

Artigo 1. Obxecto.

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación da renda social municipal como prestación económica de carácter periódico e temporal dirixida a aquelas persoas cuxos recursos económicos resulten insuficientes para facer fronte a gastos específicos de carácter ordinario, co fin de previr, evitar ou paliar situacións de exclusión social.

Artigo 2. Natureza da renda social municipal.

1. A renda social municipal pretende dar resposta ás situacións de vulnerabilidade ou exclusión social de carácter temporal e outórgase como apoio aos procesos de inclusión coa finalidade de lograr a mellora persoal e social da persoa beneficiaria e da súa unidade familiar.

2. A renda social municipal ten carácter subsidiario e incompatible coa renda de inclusión social de Galicia (RISGA), ou prestación autonómica que a substitúa, e complementario de

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:MYK7BX75K6X0YFHU

todo tipo de recursos e prestacións de contido económico previstos na lexislación vixente de contía inferior ás establecidas para a renda social municipal.

3. A renda social municipal ten a natureza de axuda municipal para atender a colectivos en risco de exclusión social para os efectos do previsto no artigo 7 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto da renda das persoas físicas.

Artigo 3. Beneficiarios/as.

1. Poderán beneficiarse da renda social as unidades familiares que cumpran os requisitos previstos nesta Ordenanza. Entendese por unidade familiar a persoa ou o conxunto de persoas que convivan no mesmo marco físico e se atopen vinculadas co/a solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación análoga de afectividade, por adopción, acollemento ou parentesco de consanguinidade ata o cuarto grao ou de afinidade ata o segundo grao. Malia o anterior, cando nun mesmo marco físico, existan unha ou mais unidades familiares con menores ao seu cargo, considérase que cada unha delas constitúen unha unidade familiar independente.

2. Nunha unidade familiar beneficiaria un dos seus membros terá a condición de persoa titular da axuda.

Artigo 4. Requisitos.

1. Poderán ser beneficiarias da renda social municipal, nas condicións previstas na presente ordenanza, aquelas persoas que, estando en situación ou risco de exclusión social valorado polo Servizo de Benestar Social, no momento de presentar a solicitude reúnan os seguintes requisitos:

a) Teñan cumpridos 18 anos. Exceptúase deste límite de idade ás persoas que, estando legalmente emancipadas, se atopen nalgunha das seguintes situacións:

1) Que teñan economicamente ao seu cargo outras persoas menores de idade ou persoas maiores de idade con discapacidade ou con cualificación de dependentes.

2) Que sexan orfas de pai e nai sen dereito a prestación.

3) Ter idade menor da mínima establecida para poder solicitar unha pensión non contributiva de xubilación; excepto aquelas persoas que non reúnan os requisitos para acceder a ela.

b) Estean empadroadas no Concello de Pontevedra cunha antelación mínima de seis meses ao momento da solicitude. Exceptúanse deste requisito aquelas persoas que se encontren nalgún dos supostos do artigo 13 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia (LISGA en diante).

c) Non ter dereito a percibir a RISGA, ou prestación autonómica que a substitúa, nin as pensións non contributivas nin calquera outra prestación de natureza similar de contía igual ou superior á das devanditas pensións. Non cumprirán este requisito cando teñan renunciado á percepción ou suspendida ou extinguida total ou parcialmente o dereito as mesmas por causas imputables a elas.

d) A unidade familiar integrada por un membro non poderá ter uns ingresos mensuais superiores ao 75% do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente para cada ano, incrementado ao 90 % se son dous, ata un máximo do 100% nos demais casos.

Para determinar os recursos económicos terase en conta como ingresos de toda a unidade familiar os seguintes:

1) A totalidade dos ingresos que se obteñan polos conceptos de rendementos do traballo, rendementos do capital e rendementos de actividades económicas.

2) Os bens patrimoniais, depósitos bancarios e contas correntes ou de aforro, con excepción da vivenda habitual.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:MYK7BX75K6X0YFHU

3) Para a determinación destes ingresos teranse en conta as normas do IRPF.

Non se considerarán recursos económicos os sinalados no artigo 17.2 da LISGA.

Como regra xeral, tomarase como período de referencia os 6 meses anteriores á data da solicitude.

Artigo 5. Obrigas da persoas beneficiarias.

Son obrigas das persoas integrantes da unidade familiar as seguintes:

a) Participar nas accións ou actividades que se valoren tecnicamente de acordo co diagnóstico social previo e estipulado no proxecto de inclusión social.

b) Administrar responsablemente os recursos dispoñibles en beneficio da mellora das condicións de vida da unidade familiar.

c) Escolarizar ás persoas menores de idade da unidade familiar que estean en etapas de escolarización obrigatoria e poñer os medios necesarios para a súa asistencia efectiva ao centro educativo.

d) Non practicar a mendicidade nin permitir ou forzar a súa práctica a outros compoñentes da unidade familiar.

e) No caso de persoas desempregadas, manterse, tanto a persoa beneficiaria como as destinatarias en idade laboral, dispoñibles para o emprego salvo:

1) Persoas afectadas por unha invalidez absoluta ou persoas en situación de dependencia recoñecida pola Administración autonómica.

2) Persoas que, segundo o informe dos servizos de emprego ou sanitarios, non estean en condicións de incorporarse ao mercado laboral.

A dispoñibilidade para o emprego, cando sexa esixible, incluirá o compromiso de permanecer inscritas ininterrompidamente no Servizo Público de Emprego, de non rexeitar un emprego adecuado e de non darse de baixa voluntaria, nin definitiva nin temporalmente, do emprego.

f) Comunicarlles aos servizos sociais municipais os feitos sobrevidos en relación co cumprimento dos requisitos, e en particular os seguintes:

1) Calquera cambio relativo ao domicilio e residencia habitual (empadroamento ou residencia efectiva) da persoa beneficiaria e das destinatarias.

2) Acceso a un emprego, prestación pública ou axuda por parte da persoa beneficiaria e das destinatarias.

3) Modificación dos recursos económicos ou patrimoniais da persoa beneficiaria e das destinatarias que servisen de base para o cálculo da renda social municipal concedida.

4) Calquera modificación que lle afecte á composición da unidade familiar con incidencia na percepción da renda.

5) Calquera outra situación que puidese implicar a perda temporal ou definitiva dos requisitos esixidos para a concesión da renda social municipal.

As comunicacións recollidas no apartado anterior deberanse facer no prazo de dez días hábiles contados a partir do momento en que acaecesen o feitos sobrevidos dos que se trate, por calquera medio que permita ter constancia dos devanditos extremos ao Servizo de Benestar Social municipal.

g) Exercitar calquera dereito económico que lle puidese corresponder á persoa beneficiaria ou ás persoas da súa unidade familiar, segundo a lexislación vixente.

h) Comparecer nos servizos sociais municipais e colaborar co Concello, someténdose ás actuacións de comprobación pertinentes, así como facilitar a información necesaria que lle sexa requirida polo Servizo de Benestar Social municipal nos seguimentos periódicos que se

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:MYK7BX75K6X0YFHU

establezan no proxecto de inclusión social.

Artigo 6. Contía.

A contía máxima da renda social municipal será do 75% do IPREM para unidades familiares constituídas por un único membro, e aumentarase a referida contía ao 90% se son dous membros, ata o límite do 100% do IPREM, se son tres ou máis membros.

Da contía obtida restaranse todos os ingresos da unidade familiar, sendo o resultado final o importe da renda social municipal (Renda municipal = contía base – ingresos da unidade familiar).

Artigo 7. Prazo.

1. A renda social municipal percibirase por un prazo máximo de seis meses, contados a partir da súa concesión.

2. Este prazo poderá ser prorrogado cando se manteñan as condicións polas que se concedeu a renda social municipal, ata un máximo de doce meses, logo do previo informe do Servizo de Benestar Social, mediante a correspondente resolución expresa que deberá estar motivada.

Artigo 8. Proxecto de inclusión social.

O recoñecemento do dereito á percepción da renda social municipal está vinculado a que previamente se estableza coa persoa solicitante e, se é o caso, coas persoas integrantes da unidade familiar da que formen parte un proxecto personalizado de inclusión social, deseñado polo Servizo de Benestar Social municipal e orientado á mellora persoal e social da persoa beneficiaria e das que integran a unidade familiar, así como á súa autonomía, participación e integración normalizada no seu ámbito social.

Artigo 9. Límite orzamentario.

A renda social municipal terá como límite a correspondente dotación prevista no orzamento Municipal.

Artigo 10. Incompatibilidades.

1. A renda social municipal é incompatible coa RISGA, conforme á normativa autonómica reguladora desta prestación.

2. A renda social municipal será incompatible coas pensións non contributivas e con calquera outra prestación ou pensión de contía igual ou superior á das devanditas pensións.

3. Calquera outro ingreso, así como as pensións e prestacións de importe inferior ao da pensión non contributiva percibidas pola persoa solicitante da renda social municipal, non impedirán o acceso a esta, pero descontaranse do seu importe de conformidade co establecido nesta ordenanza.

4. Os ingresos, pensións ou prestacións percibidas por outras persoas integrantes da unidade familiar distintas da beneficiaria serán compatibles e deducibles do importe da renda social municipal.

Artigo 11. Solicitude.

1. A persoa interesada presentará unha solicitude de renda social municipal, en calquera momento do ano, segundo o modelo normalizado de solicitude que se habilitará ao efecto, no Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra ou por calquera dos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. Coa solicitude deberá achegar unha declaración responsable do cumprimento dos requisitos xerais establecidos na presente Ordenanza para acceder á renda social municipal. Nesta declaración responsable tamén se fará constar o seguinte:

- Se durante o ano en curso se solicitaron e/ou percibiron outras subvencións ou

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:MYK7BX75K6X0YFHU

prestacións de calquera Administración pública ou entidade pública ou privada e, se é o caso, a súa contía e orixe.

- Non percibir outros ingresos que os declarados nin de posuír outros bens ou dereitos distintos dos aportados coa solicitude.

- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

- A autorización para a consulta de datos que consten en ficheiros automatizados do Concello de Pontevedra ou de calquera outra Administración pública, relativos á persoa solicitante e ao resto das persoas integrantes da unidade familiar.

3. Coa solicitude tamén se achegará a seguinte documentación:

a) Copia auténtica do DNI, NIE ou pasaporte de todos os membros da unidade familiar que o posúan.

b) Copia auténtica do Libro de familia ou documentos acreditativos de acollemento ou tutela.

c) Copia auténtica da resolución denegatoria da RISGA, ou prestación autonómica que a substitúa, de ser o caso.

d) A acreditación dos ingresos de todas as persoas integrantes da unidade familiar, incluíndo retribucións, rendas, prestacións, axudas, subsidios ou calquera outro ingreso.

e) Certificado de titularidade de conta bancaria na que deba efectuarse o ingreso, de ser o caso.

f) Calquera outra documentación que se considere necesaria para acreditar que a persoa solicitante se encontra en situación ou risco de exclusión social, con dificultades para a cobertura das necesidades básicas, e que reúne os requisitos establecidos nesta ordenanza para a obtención da renda social municipal. Esta documentación poderá consistir nunha declaración xurada ou nalgún dos documentos que se indican de seguido a título de exemplo:

1) No caso de ser vítima de violencia de xénero, a acreditación da súa condición nos termos sinalados polo artigo 5 da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

2) No caso das persoas refuxiadas, a acreditación de ter recoñecida tal condición polo organismo competente da Administración xeral do estado, ou no caso de non dispoñer deste recoñecemento, a autorización de permanencia en España por razóns humanitarias ou de interese social.

3) En caso de separación, divorcio, nulidade matrimonial ou cancelación da unión de feito:

a) Unha copia da sentenza, convenio regulador ou, no caso de ruptura da unión de feito, o certificado do rexistro correspondente acreditativo da cancelación da inscrición da unión.

b) Os xustificantes das achegas económicas establecidas na sentenza e convenio regulador ou, na súa falta, denuncia por incumprimento de sentenza ou demanda de execución.

4) O certificado de discapacidade no caso de que a persoa solicitante ou calquera das persoas integrantes da unidade de convivencia teñan recoñecida a condición de persoa con discapacidade.

5) No caso de persoas menores de 18 anos orfos de pai e nai sen dereito a prestación, os documentos acreditativos desta situación.

6) No caso de residir en vivenda propia con préstamo hipotecario, achegarase a copia

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:MYK7BX75K6X0YFHU

do documento soporte do préstamo hipotecario (escritura notarial ou documento bancario) e o xustificante da última cota do préstamo hipotecario, de ser o caso.

7) O extracto de movementos de todas as contas bancarias de todas as persoas que integran a unidade familiar correspondente aos doce meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude.

8) En caso de residir nunha vivenda alugada, unha copia do contrato de arrendamento en vigor, que non poderá ser de duración inferior a 6 meses, e o último recibo do alugueiro, de ser o caso.

9) En caso de residir nun establecemento hostaleiro, pensión ou casa particular en réxime de pensión, a copia cotexada da factura correspondente.

10) No caso de padecer enfermidade, informe médico emitido polo sistema público de saúde que acredite tal circunstancia.

Artigo 12. Informes.

Na fase de instrución, un informe social será elaborado polos/as traballadores/as sociais do Servizo de Benestar Social municipal. Nel valorarase e verificarase o cumprimento dos requisitos de acceso por parte da unidade familiar establecidos na presente ordenanza, a idoneidade da renda social municipal para acadar os obxectivos de inclusión social e, ademais, terá que conter a proposta de concesión ou denegación da axuda.

Artigo 13. Criterios de concesión.

A avaliación polo Servizo de Benestar Social municipal das solicitudes da renda social municipal efectuarase conforme aos criterios recollidos no artigo 3 da LISGA.

Esta avaliación someterase a unha Comisión técnica de valoración, composta polos/as traballadores/as sociais e a persoa responsable máxima do departamento.

Artigo 14. Resolución.

1. A resolución, no caso de ser estimatoria da solicitude de renda social municipal, incluirá o proxecto de inclusión social, a duración da axuda, o importe máximo mensual para percibir a persoa interesada e a modalidade de pagamento.

2. O prazo máximo de resolución é de 2 meses. Transcorrido o devandito prazo sen que se notificase a resolución expresa, a persoa solicitante poderá entender desestimada a súa solicitude.

3. A renda social municipal poderá denegarse polos seguintes motivos:

a) Non reunir os requisitos establecidos nesta ordenanza.

b) Falsear ou non permitir verificar a situación económica e social da unidade familiar.

c) Non existir consignación orzamentaria suficiente.

4. A renda social municipal terá efectos económicos desde o día un do mes seguinte ao da recepción da notificación pola persoa interesada.

Artigo 15. Pagamento das axudas.

1. De acordo co previsto no artigo 31.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en atención ao seu carácter social, o pagamento das axudas reguladas nesta Ordenanza se tramitará como un pago anticipado.

2. O pagamento materializarase mediante transferencia bancaria a unha conta titularidade da persoa beneficiaria, sen necesidade de garantía ningunha.

3. Estas axudas concédense en atención á situación persoal das persoas beneficiarias, a xustificación avaliaráse desde o Servizo de Benestar Social, cun informe que declare

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:MYK7BX75K6X0YFHU

motivadamente o cumprimento do fin da renda, sen prexuízo dos controis posteriores que poidan realizarse.

Artigo 16. Inembargabilidade.

A renda social municipal é inembargable, en virtude do disposto no artigo 4 do Real Decreto-Lei 9/2015, do 10 de xullo, de medidas urxentes para reducir a carga tributaria soportada polos contribuíntes do Imposto sobre a renda das persoas físicas e outras medidas de carácter económico.

Artigo 17. Extinción.

1. Son causas de extinción da renda social municipal as seguintes:

a) O falecemento da persoa beneficiaria.

b) Cambio de residencia ou empadroamento fóra do concello da Pontevedra da persoa beneficiaria.

c) A finalización do prazo establecido na resolución de concesión.

d) A desaparición das causas ou perda dalgún requisito de acceso esixido nesta ordenanza.

e) A percepción da RISGA, prestación non contributiva ou prestación pública polo mesmo concepto por parte da persoa beneficiaria ou das persoas da súa unidade familiar, de conformidade co réxime de incompatibilidades previsto nesta ordenanza.

f) A renuncia da persoa beneficiaria a seguir participando no proxecto de inclusión social, así como a falta de realización das actividades propostas.

g) A falsidade ou ocultación de datos declarados pola persoas da unidade familiar.

h) O incumprimento pola persoa beneficiaria ou por calquera das persoas integrantes da unidade familiar das obrigas esixidas nesta ordenanza.

2. A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados pola persoa beneficiaria da axuda, así como o incumprimento pola persoa beneficiaria ou por calquera das persoas integrantes da unidade familiar das obrigas esixidas nesta ordenanza, implicará o impedimento dunha nova solicitude por un período de 2 anos.

DISPOSICIÓNS FINAIS.

Primeira. Aplicación.

Na aplicación e interpretación desta Ordenanza aplicaranse especialmente os principios xerais previstos no artigo 4 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e no artigo 5 da LISGA. Ao non previsto nesta ordenanza será de aplicación o disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento.

Segunda. Habilitación.

Facúltase a Alcaldía ou ao órgano no que poida delegar para adoptalas disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución da Ordenanza así como para ditar instrucións de aplicación con respecto a mesma.

Terceira. Entrada en vigor.

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro e transcorrido o prazo de quince días previsto no artigo 65.2 na Lei de Bases de Réxime Local, consonte co sinalado no artigo 70.2 da mesma norma."

RECURSOS PROCEDENTES:

Contra a aprobación definitiva da modificación da ordenanza, poderá interporse recurso

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:MYK7BX75K6X0YFHU

contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación (arts 10 e 46 da Lei 29/1998). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a Dereito.

O que se fai público en exercicio das funcións conferidas a esta secretaría polo artigo 122.5.d) da Lei 7/1985, e 47 e) do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno e das súas Comisións.

Pontevedra, ao día da sinatura

A Secretaria Accidental,

Asinado por: MARIA DEL MAR LAMOSO VARELA
Servizo: SERVIZO DE SECRETARIA E ASUNTOS XERAIS
Cargo: XEFA DE SERVIZO
Data: 21/03/2019
Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:MYK7BX75K6X0YFHU